

I. DISPOSICIÓN XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

4440 *Real decreto lei 11/2012, do 30 de marzo, de medidas para axilizar o pagamento das axudas aos damnificados polo terremoto, reconstruír os inmobles demolidos e impulsar a actividade económica de Lorca.*

O terremoto de Lorca, acaecido o 11 de maio de 2011, provocou cuantiosos danos persoais e materiais. Transcorridos dez meses desde a catástrofe, as medidas compensatorias e de fomento aprobadas polo Goberno da Nación en 2011 non se materializaron integramente, de xeito que non se puido garantir o pleno restablecemento da normalidade na localidade. Os efectos perturbadores que esta situación está a xerar proxéctanse en todos os ámbitos de actividade no municipio, constituíndo un lastre para a recuperación e o desenvolvemento do tecido social e económico de Lorca.

A análise da evolución dos sistemas de xestión das axudas previstas no Real decreto lei 6/2011, do 13 de maio, polo que se adoptan medidas urxentes para reparar os danos causados polos movementos sísmicos acaecidos o 11 de maio de 2011 en Lorca (Murcia), e no Real decreto lei 17/2011, do 31 de outubro, polo que se establecen medidas complementarias para paliar os danos producidos polos movementos sísmicos acaecidos en Lorca o 11 de maio de 2011, evidenciou que existen dificultades administrativas que están a impedir que as axudas cheguen efectivamente aos seus destinatarios. O presente real decreto lei ten, desde esta perspectiva, un obxectivo cardinal: garantir de forma urxente que as axudas sexan satisfeitas coa maior celeridade posible e cumpran coa función de solidariedade e xustiza que inspiraron o seu establecemento, así como favorecer a reconstrución de Lorca e impulsar a súa actividade económica.

Para dar cumprimento a esta finalidade, instruméntase un procedemento de pagamento a beneficiarios, mediante aboamento por parte das entidades financeiras con sede en Lorca, logo de convenio co Instituto de Crédito Oficial. Deste xeito, o Instituto de Crédito Oficial prové inicialmente dos recursos financeiros necesarios para atender a exigencia perentoria de pagamento das axudas. Este procedemento ten carácter excepcional e urxente, atendida a situación económico-orzamentaria actual e a demora na liquidación e pagamento das axudas aos beneficiarios.

Por outra banda, prevese a posibilidade de que, no marco das actuacións de reconstrución das vivendas demolidas e en atención ás excepcionais circunstancias derivadas da situación de natureza catastrófica, estas actuacións poidan ser obxecto de execución forzosa. Así mesmo, a Entidade Pública Empresarial do Solo (SEPES) adquire a condición de axente edificador nos mencionados procedementos de execución forzosa e estipúlase o procedemento para atribuírle estas funcións.

Finalmente, a gravidade persistente da situación actual pon de manifesto que perduran desequilibrios económicos e sociais que exixen medidas correctoras de índole fiscal, coa finalidade de reducir a carga tributaria que deberán satisfacer os cidadáns de Lorca.

No real decreto lei complementáanse as axudas no seu día aprobadas a favor dos afectados polos movementos sísmicos acaecidos en Lorca o 11 de maio de 2011, de forma que se habilita a posibilidade de que os obrigados tributarios afectados polos devanditos movementos sísmicos poidan solicitar da Administración tributaria do Estado o adiamento das débedas tributarias devindicadas polo imposto sobre sociedades e polo imposto sobre a renda das persoas físicas correspondentes ao exercicio 2011.

No ámbito dos tributos locais, prorróganse para 2012 os beneficios fiscais establecidos no Real decreto lei 6/2011, do 13 de maio, para o imposto sobre bens inmobles e o imposto sobre actividades económicas.

Nos próximos meses a Administración xeral do Estado, a Comunidade Autónoma da Rexión de Murcia e o Concello de Lorca elaborarán un plan que, ademais de complementar as medidas aquí contidas, as executadas e as pendentes de executar, incluírá outras iniciativas dirixidas a impulsar a actividade económica e social do municipio.

A situación exposta condiciona claramente a natureza do instrumento xurídico adecuado para implementar estas medidas. Como se expresou anteriormente, as dificultades administrativas que impediron que as axudas inicialmente previstas nos reais decretos leis 6/2011 e 17/2011 chegasen aos seus destinatarios, xunto co tempo transcorrido desde o suceso catastrófico, agravan especialmente a situación dos afectados, o que dá lugar á necesidade inmediata de reparar os danos sufridos por estes, e, por tanto, permiten ao Goberno invocar a extraordinaria e urxente necesidade como presuposto necesario para recorrer á aprobación dun real decreto lei.

Na súa virtude, facendo uso da autorización contida no artigo 86 da Constitución, por proposta da vicepresidenta do Goberno e ministra da Presidencia, do ministro de Facenda e Administracións Públicas, do ministro do Interior, da ministra de Fomento e do ministro de Economía e Competitividade, logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 30 de marzo de 2012,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto.*

As medidas establecidas no presente real decreto lei teñen por obxecto a regulación dun procedemento que asegure o pagamento das axudas previstas no Real decreto lei 6/2011, do 13 de maio, polo que se adoptan medidas urxentes para reparar os danos causados polos movementos sísmicos acaecidos o 11 de maio de 2011 en Lorca (Murcia), e no Real decreto lei 17/2011, do 31 de outubro, polo que se establecen medidas complementarias para paliar os danos producidos polos movementos sísmicos acaecidos en Lorca o 11 de maio de 2011.

De igual modo prevense mecanismos para favorecer a reconstrución de Lorca e beneficios fiscais aos obrigados tributarios con domicilio no municipio.

CAPÍTULO II

Medidas para permitir o pagamento das axudas concedidas aos beneficiarios

Artigo 2. *Ámbito de aplicación.*

1. As axudas incluídas no ámbito de aplicación deste capítulo son as seguintes:

- a) As axudas para alugamento de vivendas e reposición de enxoval, previstas no artigo 3.1.a) do Real decreto lei 6/2011, do 13 de maio.
- b) As axudas para reparación, rehabilitación e reconstrución de vivendas, previstas no artigo 3.1.c) do Real decreto lei 6/2011, do 13 de maio.
- c) As axudas para a reparación, rehabilitación e reconstrución de locais ou establecementos mercantís, industriais ou de servizos, previstas no artigo 3.1.d) do Real decreto lei 6/2011, do 13 de maio.

Artigo 3. *Procedemento de concesión das axudas.*

1. A concesión das axudas a que se refire este real decreto lei desenvolverase de acordo co procedemento regulado nos reais decretos lei enunciados no artigo 1 e nas normas de desenvolvemento aprobadas pola Comunidade Autónoma da Rexión de Murcia.

2. A Comisión Mixta regulada no artigo 7 do Real decreto lei 6/2011, do 13 de maio, encargada da valoración, determinación e contía das axudas, reunirse semanalmente, co obxecto de dar celeridade á resolución dos procedementos.

3. No caso de que o órgano concedente declare posteriormente a invalidez do acto de concesión da axuda ou proceda a declarar o seu reintegro por incumprimento das condicións impostas, o beneficiario estará obrigado a devolver as cantidades indebidamente percibidas ao órgano competente para a concesión das axudas, nos termos previstos na lexislación de subvencións e no resto de normas de desenvolvemento que resulten aplicables.

4. O procedemento para a declaración de nulidade do acto ou para o reintegro da axuda será instruído e resolto pola Comunidade Autónoma da Rexión de Murcia, que deberá restituír á Administración xeral do Estado a parte que, de ser o caso, corresponda como consecuencia da parte financiada por esta.

Artigo 4. *Pagamento das axudas.*

1. O Instituto de Crédito Oficial tramitará o pagamento das axudas coa colaboración das entidades de crédito coas cales previamente subscribíse o preceptivo contrato de prestación de servizos.

2. Os beneficiarios a que se refire este real decreto lei percibirán, mediante ingreso por transferencia na súa conta corrente, o importe da axuda que teñan recoñecida. En todo caso, deberán cumprir as obrigas impostas na normativa autonómica e neste real decreto lei, relativas ao cumprimento dos fins das axudas.

Os beneficiarios das axudas para a reconstrución poderán ceder o seu dereito de cobramento da axuda a favor dun promotor privado ou a favor da Entidade Pública Empresarial do Solo (SEPES). Neste último caso só se poderá realizar a dita cesión cando se reúnan todas as condicións establecidas nos artigos 8 e 11 deste real decreto lei.

3. O Instituto de Crédito Oficial tramitará mensualmente a orde de pagamento das axudas unha vez determinados os importes definitivos das axudas certificadas polo órgano competente para a concesión das axudas da Comunidade Autónoma da Rexión de Murcia.

CAPÍTULO III

Procedemento de financiamento a través do Instituto de Crédito Oficial

Artigo 5. *Financiamento das axudas.*

1. O Instituto de Crédito Oficial, a través da liña específica «ICO-LORCA», establecerá os mecanismos necesarios para atender os pagamentos previstos no artigo anterior e disporá con outras entidades financeiras o procedemento para o aboamento das axudas.

2. A liña de financiamento «ICO-LORCA» terá un importe máximo de 115.000.000 de euros e terá vixencia ata o límite do pagamento das axudas concedidas.

3. A Administración xeral do Estado e a Comunidade Autónoma da Rexión de Murcia satisfarán ao Instituto de Crédito Oficial, na porcentaxe establecida nas normas enumeradas no artigo 1 deste real decreto lei, o financiamento atendido por esta entidade.

4. A Administración xeral do Estado transferirá ao Instituto de Crédito Oficial, no prazo máximo de quince días contados desde a data da resolución ditada polo órgano competente da Comunidade Autónoma da Rexión de Murcia para a concesión das axudas, as cantidades que lle correspondan segundo os acordos da Comisión Mixta a que se refire o artigo 7 do Real decreto lei 6/2011, do 13 de maio, e a porcentaxe de financiamento que ten atribuída.

5. O Instituto de Crédito Oficial subscribirá coa Comunidade Autónoma da Rexión de Murcia un préstamo bilateral, por importe máximo de 115.000.000 de euros, ampliable en caso de necesidade e logo de acordo da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos, para poder atender o pagamento das axudas cuxo financiamento

parcialmente corresponde a esta. As condicións financeiras do préstamo serán acordadas polo Instituto de Crédito Oficial, co acordo previo da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos.

En todo caso, o recoñecemento e pagamento das axudas pola Comunidade Autónoma da Rexión de Murcia levarase a cabo con suxeición ás normas orzamentarias e de control previstas no ordenamento xurídico da Comunidade.

6. O principal, os xuros e, de ser o caso, a comisión do financiamento da operación de préstamo bilateral indicada no punto anterior estarán cubertos pola retención que se efectuará a favor do Instituto de Crédito Oficial dos recursos do sistema de financiamento da Comunidade Autónoma da Rexión de Murcia, en igualdade de rango cos créditos da Facenda Pública e da Seguridade Social e nos termos previstos na lexislación vixente ou naqueles que resulten da modificación da lexislación de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Sen prexuízo do anterior, poderanse conceder garantías adicionais nos termos que poida prever a lexislación de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

7. Para estes efectos, a Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos adoptará con carácter de urxencia os acordos pertinentes para a posta en funcionamento dos mecanismos financeiros necesarios para tal fin, conforme os requisitos e efectos previstos neste real decreto lei.

Artigo 6. *Obrigas de subministración de información.*

1. A Comunidade Autónoma da Rexión de Murcia deberá remitir ao Instituto de Crédito Oficial, a través da plataforma telemática habilitada para o efecto, a relación nominativa dos beneficiarios a que se deberán aboar as axudas. Con esta mesma data a citada relación nominativa deberá remitirse igualmente ao Comisionado do Goberno para a reconstrución e reactivación económica da zona de Lorca.

Esta relación incluírá, polo menos, o nome e NIF/CIF do beneficiario, o seu domicilio, o número de conta, o concepto en virtude do cal se conceden, así como os importes definitivos das ditas axudas e toda a información necesaria para que o Instituto de Crédito Oficial poida realizar os correspondentes pagamentos. Esta relación será remitida, así mesmo, á Delegación do Goberno na Comunidade Autónoma da Rexión de Murcia.

2. No caso de que por incorrección nos datos facilitados non se poidan aboar algunhas das axudas, o importe correspondente será depositado nunha conta específica a nome da Comunidade Autónoma da Rexión de Murcia ata que se realicen as actuacións necesarias para a súa correcta aplicación.

3. O Instituto de Crédito Oficial remitirá ás entidades financeiras coas cales se concerte o pagamento directo das axudas a información prevista no punto anterior, por medio da plataforma telemática.

4. O Instituto de Crédito Oficial remitirá á Comunidade Autónoma da Rexión de Murcia, á Delegación do Goberno na Comunidade Autónoma da Rexión de Murcia e ao Comisionado do Goberno para a reconstrución e reactivación económica da zona de Lorca, con carácter mensual, unha relación dos aboamentos realizados no mes anterior, en cumprimento deste real decreto lei.

CAPÍTULO IV

Reconstrución das vivendas demolidas

Artigo 7. *Edificación voluntaria.*

As axudas para a reconstrución das vivendas destruídas ou demolidas constitúen o seu beneficiario na obriga legal de proceder á reconstrución delas mediante a presentación da correspondente solicitude de licenza municipal no prazo de dous meses desde a concesión das axudas correspondentes, nos termos previstos na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

As actividades de reconstrución estarán suxeitas ás normas urbanísticas e técnicas en materia de edificación.

A falta de cumprimento voluntario do deber de reconstrución das vivendas demolidas en prazo non comportará a revogación ou o reintegro da axuda concedida nos casos de edificación forzosa previstos no artigo seguinte.

Artigo 8. *Edificación forzosa.*

As actuacións de reconstrución das vivendas afectadas, atendidas as excepciónais circunstancias concorrentes derivadas da situación de natureza catastrófica, e para atender urxentemente ao restablecemento da normalidade, poderán ser obxecto de execución forzosa, nos termos establecidos no texto refundido da Lei do solo, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2008, do 20 de xuño, na normativa urbanística da Rexión de Murcia e do Concello de Lorca, unha vez transcorridos dous meses desde a concesión da correspondente axuda.

Artigo 9. *Condición de axente edificador de SEPES nos casos de edificación forzosa.*

SEPES terá a condición de axente edificador nos procedementos de substitución forzosa da edificación de vivendas ou edificios afectados, calquera que sexa a natureza xurídica destes, nos termos previstos no texto refundido da Lei do solo e da normativa urbanística da Comunidade Autónoma da Rexión de Murcia e do Concello de Lorca; para estes efectos entenderase ampliado o obxecto da entidade previsto no seu estatuto.

As administracións públicas competentes subscribirán con SEPES os convenios administrativos necesarios para o financiamento e a realización das actuacións de execución forzosa das obrigas de edificación.

Sen prexuízo do disposto neste artigo, a Comunidade Autónoma da Rexión de Murcia, no ámbito das súas competencias, poderá ditar as normas que sexan necesarias atendidas as excepciónais e singulares circunstancias que concorren nas actividades de reconstrución derivadas das consecuencias do terremoto e a urxencia necesaria para o restablecemento da normalidade urbanística no municipio de Lorca.

Artigo 10. *Procedemento para a atribución de actuacións a SEPES nos casos de edificación voluntaria.*

Os propietarios ou copropietarios afectados e suxeitos ás obrigas legais de reconstrución poderán atribuír a SEPES a condición de representante legal para a realización voluntaria de todas as actuacións administrativas, notariais e rexistras, así como calquera outra actuación contractual e material de toda clase que sexan necesarias para a reconstrución voluntaria dos edificios e vivendas afectados; esta entidade pública poderá actuar como fiduciaria con pleno poder de disposición, e para estes efectos entenderase ampliado o obxecto estatutario da entidade.

A atribución sinalada no punto anterior deberá ter lugar, a través de acordo unánime dos copropietarios, mediante a cesión do dereito de cobramento das axudas unha vez resoltas, co obxecto de ser destinado á retribución das actividades mencionadas no parágrafo anterior, realizadas por conta do respectivo beneficiario. Para estes efectos, concederase un trámite de audiencia específica aos interesados ofrecéndolles as opcións sinaladas como fórmula substitutoria das axudas en metálico.

A resolución administrativa de concesión da axuda, que tamén se lle notificará á entidade pública, conterá expresamente a referencia a tal cesión e constituirá título suficiente para a atribución a ela das facultades correspondentes aos beneficiarios.

A encomenda a SEPES das atribucións dos propietarios para a realización voluntaria das actividades de reconstrución, unha vez cobradas as axudas recoñecidas, estará condicionada á entrega efectiva á entidade pública das cantidades correspondentes, e esta circunstancia deberá quedar reflectida no correspondente documento público en que se formalice a encomenda.

CAPÍTULO V

Beneficios fiscais

Artigo 11. *Beneficios fiscais no imposto sobre bens inmobles e no imposto sobre actividades económicas.*

Prorróganse para o exercicio 2012 os beneficios fiscais establecidos para o imposto sobre bens inmobles e o imposto sobre actividades económicas no artigo 12 do Real decreto lei 6/2011, do 13 de maio.

Artigo 12. *Adiamento de débedas tributarias.*

Logo de solicitude dos obrigados tributarios que resultasen afectados polos movementos sísmicos a que se refire o Real decreto lei 6/2011, do 13 de maio, a Administración tributaria concederá o adiamento das débedas tributarias do imposto sobre sociedades e do imposto sobre a renda das persoas físicas, segundo proceda, correspondentes ao período impositivo 2011.

Os obrigados tributarios a que se refire o parágrafo anterior deberán acreditar ante a Administración tributaria, conforme os medios probatorios admitidos en dereito, ter sido afectados polos citados movementos sísmicos. En todo caso, será requisito que o seu domicilio fiscal, conforme o disposto no artigo 48.2 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, estivese situado no municipio de Lorca o día 11 de maio de 2011.

Exclusivamente para os efectos desta disposición, entenderase que tamén se cumpre o requisito do domicilio fiscal cando, con independencia do que figurase como tal declarado ante a Administración tributaria do Estado o 11 de maio de 2011, resulte de aplicación calquera dos criterios establecidos no artigo 48.2 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, que permita considerar que o dito domicilio estaba situado no municipio na citada data.

A concesión dos ditos adiamentos non estará condicionada á achega de garantías, e as cantidades adiadas devindicarán o correspondente xuro de demora.

O ingreso das débedas cuxo pagamento resulte adiado conforme o establecido neste artigo deberá realizarse, xunto co dos xuros de demora devindicados, aos doce meses desde a finalización dos prazos para presentar a autoliquidación correspondente polos citados impostos.

A presentación da solicitude do adiamento a que se refire este artigo deberá efectuarse antes da finalización do prazo legalmente establecido para a presentación da autoliquidación correspondente aos impostos a que esta se refire, excluindo a dita solicitude, en todo caso, a posibilidade de se acoller ao fraccionamento regulado no artigo 62.2 do Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas, aprobado polo Real decreto 439/2007, do 30 de marzo.

Disposición adicional primeira. *Axudas ao comercio de Lorca.*

O Ministerio de Economía e Competitividade, a través da Dirección Xeral de Comercio Interior, poderá conceder axudas ao Concello de Lorca para a execución de proxectos de especial interese para o sector do comercio do municipio, por un importe de ata un millón cincocentos mil euros, con cargo ao crédito consignado nos orzamentos xerais do Estado para o Plan de Mellora da Produtividade e Competitividade do Comercio 2009-2012, no exercicio 2012, de conformidade co acordo que adopte a Mesa de Directores Xerais de Comercio como proxecto especial destinado, con carácter prioritario, a apoiar a rehabilitación de establecementos comerciais e a promoción do comercio e as vendas nesta localidade. Esta axuda articularase nos mesmos termos e condicións que os establecidos no artigo 2 do Real decreto lei 17/2011, do 31 de outubro.

Disposición adicional segunda. *Plan Lorca.*

No prazo de nove meses, a Administración xeral do Estado e, en particular, o Comisionado do Goberno para a reconstrución e reactivación económica da zona de Lorca, a Comunidade Autónoma da Rexión de Murcia e o Concello de Lorca elaborarán un plan de actuacións para impulsar a recuperación da actividade económica e social do municipio.

Disposición adicional terceira. *Tratamento fiscal de axudas e indemnizacións percibidas como consecuencia do movemento sísmico.*

Ás indemnizacións percibidas como consecuencia da destrución de elementos patrimoniais asegurados previstos no artigo 3 do Real decreto lei 6/2011, do 13 de maio, polo que se adoptan medidas urxentes para reparar os danos causados polos movementos sísmicos acaecidos o 11 de maio de 2011 en Lorca (Murcia) seralles de aplicación o establecido na disposición adicional quinta da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e de modificación parcial das leis dos impostos sobre sociedades, sobre a renda de non residentes e sobre o patrimonio.

As axudas públicas para reparación de elementos patrimoniais, previstas no citado artigo 3, e as indemnizacións para a reparación dos elementos patrimoniais previstos no parágrafo anterior non darán lugar a unha ganancia patrimonial. En ningún caso os custos de reparación, ata o importe da citada axuda ou indemnización, serán fiscalmente deducibles nin se computarán como mellora.

O establecido nesta disposición adicional será aplicable ás indemnizacións e axudas percibidas a partir da entrada en vigor do Real decreto lei 6/2011.

Disposición transitoria primeira. *Réxime aplicable ás axudas concedidas con anterioridade á entrada en vigor deste real decreto lei.*

1. As axudas concedidas e pagadas, así como as axudas concedidas pendentes de pagamento con anterioridade á entrada en vigor deste real decreto lei, estarán suxeitas aos procedementos de concesión e pagamento previstos na normativa anterior.

2. As cantidades libradas pola Administración xeral do Estado á Comunidade Autónoma da Rexión de Murcia como consecuencia da celebración de comisións mixtas anteriores á entrada en vigor deste real decreto lei, que non se aplicaron ao pagamento das axudas por canto non recaeron aínda resolucións de concesión, serán ingresadas pola Comunidade Autónoma da Rexión de Murcia no Instituto de Crédito Oficial.

Disposición transitoria segunda. *Cobertura provisional do fondo de provisión.*

Con carácter transitorio ata a modificación da Lei orgánica de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, calquera impagamento derivado desta operación de préstamo poderá cargarse ao fondo de provisión regulado polo Real decreto lei 12/1995, do 28 de decembro.

Disposición derradeira primeira. *Competencias da Comunidade Autónoma da Rexión de Murcia.*

O establecido neste real decreto lei enténdese sen prexuízo das competencias que corresponden á Comunidade Autónoma da Rexión de Murcia ao abeiro do seu estatuto de autonomía.

Disposición derradeira segunda. *Habilitación normativa.*

O Goberno da Nación ditará as disposicións necesarias para a execución do establecido neste real decreto lei.

Disposición derradeira terceira. *Funcións de control do Comisionado do Goberno para a reconstrución e reactivación económica da zona de Lorca.*

O Comisionado do Goberno para a reconstrución e reactivación económica da zona de Lorca poderá requirir, no ámbito das súas competencias, a información necesaria para verificar o adecuado cumprimento das obrigas derivadas deste real decreto lei.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

Este real decreto lei entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 30 de marzo de 2012.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
MARIANO RAJOY BREY